



**MUSEO
PONTEVEDRA**



**progra
mación
2024**

Seis liñas de traballo na programación

- 01** **Investigación**, mellora do coñecemento e posta en valor da colección.
- 02** **Colaboración** con outros museos e institucións galegas, españolas e internacionais.
- 03** **Intervención** nos temas de debate do pensamento contemporáneo.
- 04** **Difusión** da colección do Museo, de artistas de Pontevedra e de Galicia e apoio á produción de artistas novos.
- 05** **Transferencia** á sociedade do coñecemento científico xerado polo Museo.
- 06** **Apertura** á cidadanía da programación do Museo, con actividades enfocadas a todo tipo de públicos.

Exposicións

Dez proxectos
expositivos previstos

Vinculación dos fondos
do Museo á creación
contemporánea

Conexión entre o programa expositivo e a
programación didáctica e de conferencias e
seminarios

Programación dunha exposición central de
referencia que conecta os fondos do Museo con
grandes nomes da arte contemporánea

Impulso das doazóns
ligadas ás exposicións

Revisión do formato
do certame Novos
Valores

MARZO - XUÑO

Os arquivos iluminados de Berta Cáccamo

COMISARIADO: JUAN DE NIEVES



París tropical, 1989. Berta Cáccamo

Percorrido retrospectivo pola obra de Berta Cáccamo e os seus vínculos cos seus rexistros de arquivo. Un proxecto que leva aparellada a doazón do seu arquivo ao Museo de Pontevedra.

MARZO - MAIO

Castelao: o retorno a Galicia, 1984. Xan Carballa. Fotografías

COMISARIADO: JOSÉ ENRIQUE ACUÑA



Xan Carballa/Museo de Pontevedra

Mostra que conmemora o 40º aniversario da chegada desde Arxentina dos restos mortais de Castelao. Artéllase arredor da reportaxe fotográfica de Xan Carballa sobre ese gran momento histórico, un testemuño excepcional dentro da fotografía documental galega de finais do s. XX.

XUÑO - OUTUBRO

A Era das Fábulas. A arte e o poder rexenerador da fantasía

UN PROXECTO DO
MUSEO DE PONTEVEDRA
CO ASESORAMENTO DE
CHUS MARTÍNEZ E SUSANA GONZÁLEZ

Unha exposición en tres actos que vincula a colección de arte Fundación María José Jove cos fondos do Museo de Pontevedra, á que se sumarán artistas contemporáneos doutras coleccións privadas.

Baixo os epígrafes 'Acto I. Imaxinación -mar'; 'Acto II. Transformación -terra' e 'Acto III. Renacemento -aire', amosaranse obras de Maruja Mallo, Vasili Kandinsky, Pablo Picasso, Fernand Léger, Joan Miró, Miquel Barceló, Luis Gordillo, Louise Bourgeois, Ernesto Neto, Menchu Lamas, Jorge Barbi, Noa e Lara Castro...



Rampant. 1934. Vasily Kandinsky

Infiltracións. Diálogos coa colección do Museo

COMISARIADO: IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO

Cada ano, dous artistas actuais serán convidados a presentar as súas obras en diálogo coa colección permanente ou noutros espazos do Museo, como un xeito de fomentar a construción colectiva de aprendizaxes e achegar ao Museo distintos públicos.



MAIO - SETEMBRO

I. Mónica Alonso

A Fonsagrada, 1970




OUTUBRO - DECEMBRO

II. Alberto Baraya

Bogotá, 1968

OUTUBRO - NOVIEMBRE

Novos Valores 2024



XUÑO - SETEMBRO

Pinturas negras

COMISARIADO: IGNACIO
PÉREZ-JOFRE E SANDRA MG



Mogor II, 2015. Juan Rivas

Coa serie de Goya como referencia, explóranse as posibilidades formais e simbólicas do negro. Graduadas e docentes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra presentarán obras de diferentes disciplinas con esta cor como protagonista.

SETEMBRO - OUTUBRO

O gabinete de Ricardo Blanco Cicerón: do coleccionismo ao museo

COMISARIADO: EREA CASTRO ALFONSO



Medalla conmemorativa de Felipe II como Príncipe de España e Rei de Inglaterra, 1555.

Con motivo da celebración do Congreso Nacional de Numismática, o Museo exhibe pezas dun dos seus fondos máis importantes, a Colección Blanco Cicerón. Unha achega a unha figura por reivindicar, o coleccionista que sentou as bases da museoloxía galega.

OUTUBRO - NOVEMBRO

José Otero Baena, un pintor sen pinceis

COMISARIADO: **BEATRIZ DE SAN ILDEFONSO**

Otero Baena substituíu o pincel pola espátula para reflectir a paisaxe de Bueu, principalmente o mar e as escenas de pesca, distorsionadas conscientemente a través da luz e a cor.



Dornas, ca. 1954. José Otero Baena

NOVEMBRO - XANEIRO

Acisclo Manzano

COMISARIADO: **BEATRIZ
DE SAN ILDEFONSO**



Mouro, 1965-1968.

Un conxunto de obras significativas da traxectoria do escultor ourensán, membro do grupo 'O'Volter'; desde o expresionismo figurativo das súas primeiras tallas en madeira ao traballo con outros materiais como a cerámica.

Xornadas e seminarios

Programación definida ao longo de todo o ano

Aposta pola investigación propia e externa

Mellora do coñecemento científico sobre os fondos do Museo

Investigación integrada en redes nacionais e internacionais

Vinculación co programa expositivo e de publicacións

Poñentes de relevancia sobre debates vixentes na sociedade

Foco nos temas transversais de investigación no Museo:

Historia do Museo e das súas coleccións

Castelao

Guerra, represión, migracións e exilio

Arte galega en América

Perspectiva feminista

Novas narrativas nos museos do s. XXI

Xornadas e seminarios

Febreiro	Seminario 'Historias de mulleres: arte, canon e outras historias da arte'
Marzo	Ciclo de conferencias sobre a Semana Santa
Abril	Simposio sobre Antonio Palacios
	Seminario 'Legados de artistas. Ferramentas para a investigación do Museo'
Maio	Seminario de arqueoloxía e etnografía en homenaxe a Alfredo García Alén
Xuño	Xornada 'Arredor dun feito histórico. O retorno de Castelao a Galicia, xuño de 1984'
Xullo	X Xornadas de Exiptoloxía
Setembro	XVII Congreso Nacional de Numismática
Outubro	Seminario 'A Galería Diana de Rosita García Ascot e Bal y Gay, México, 1955-1965. Reconstrución histórica dunha galería de arte do exilio galego e español'
Novembro	XIII Encontro de Conservación e Restauración
Decembro	Seminario sobre relixiosidade popular: exvotos e outras ofrendas
	Xornadas de Educación Patrimonial

E máis conferencias e xornpendentes de data.

Didáctica e acción cultural

Cursos para público adulto

A moda a través da historia da arte

Historia da música

...

Obradoiros para público infantil

Entroido

Semana Santa

Verán

Feira Franca

Nadal

...

Programación musical

Contrapuntos. Música e exilio

Ciclo de Música Antiga

Colaboracións con outras entidades.....

Conmemoración de datas

Día Internacional dos Museos

Día da Muller

Semana Lorquiana...

Programación didáctica arredor das exposicións temporais



**Deputación
Pontevedra**



**MUSEO
PONTEVEDRA**